

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL CANGAS

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data do 02/10/2015 a modificación da Ordenanza Fiscal nº 3 Reguladora do Imposto de vehículos de Tracción mecánica e sometido ao trámite de exposición pública mediante anuncio publicado no BOP, non formulándose reclamacións ó mesmo, elévase a definitivo o acordo de aprobación inicial e publícase o seu texto íntegro para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do establecido no artigo 17.4 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

#### **4º. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA ÚNICA S/ PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA, URBANISMO E PATRIMONIO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3, REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA NO SEU ARTIGO 2.1.5 “EXENCIÓNS”**

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 28.09.15.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio, relativa a modificación da ordenanza fiscal nº 3, Reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica no seu artigo 2.1.5 “Exencións”, que é como segue:

#### **PROVIDENCIA DA CONCELLERÍA DE FACENDA, URBANISMO E PATRIMONIO**

O día 03/03/2015 o Valedor do Pobo remitíu REQUERIMENTO DE INFORMACIÓN dun expediente iniciado a instancia de parte, referido a desestimación da solicitude de exención do imposto de vehículos de tracción mecánica en base a ausencia do certificado da Xunta referido ao grao mínimo dun 33% de discapacidade.

O artigo 93.1.e) do Rdlex. 2/2004 de 5 Mar. (TR Lei Reguladora das Facendas Locais) regula a exención solicitada e indica expresamente que "se considerarán persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento".



O artigo 2 da ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica (BOP 27/12/2012) require o certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste ademais do grao, se este ten carácter temporal ou definitivo.

Na instancia do interesado recoñece que non dispón do certificado da Xunta, polo que o interesado non cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable e en vigor para estimar a solicitude de exención do IVTM. Do anterior remitiuse contestación ao Valedor do Pobo.

O día 08/05/2015 o Valedor do Pobo remitiu REQUERIMENTO DE CONTESTACIÓN Á RECOMENDACIÓN, referido a desestimación da solicitude de exención do imposto de vehículos de tracción mecánica en base a ausencia do certificado da Xunta referido ao grao mínimo dun 33% de discapacidade.

Como contestación ao requirimento, indicouse que a inclusión da recomendación valorarase no momento da elaboración e modificación das ordenanzas fiscais correspondentes ao ano 2016, xa que o IVTM é un imposto de carácter anual cuxas modificacións entran en vigor con data 1 de xaneiro de cada exercizo.

#### **PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL:**

1. Modificar a Ordenanza Fiscal nº3 reguladora do IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA no seu artigo 2.1.5 "Exencións", quedando redactado como sigue:

1.5 Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendend© por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 Kg, e que, pola súa construción, non poidan alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ao resto das súas características técnicas, equipararanse aos ciclomotores de tres rodas, así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como conductor/a habitual na póliza do seguro do vehículo, as exención previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente, para os efectos do disposto neste epígrafe, terán a consideración de persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33%.

Considerase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridades Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.



Para os vehículos conducidos por persoas con discapacidade requírese:

- a) certificado do grao de minusvalía expedido pola consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste ademais do grao, se ten carácter temporal ou definitivo.
- b) Permiso de conducción do discapacitado.
- c) Permiso de circulación do vehículo a nome do discapacitado.
- d) Póliza do seguro do vehículo en vigor. Pódese comprobar aportando o último recibo pagado.
- e) Documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante (DNI, Nif, NIE).
- f) Declaración xurada ou responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.
- g) Declaración xurada ou responsable de que non é beneficiario doutra exención das mesmas características por outro vehículo.

Para os vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade requírese:

- a) certificado do grao de minusvalía expedido pola consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste ademais do grao, se ten carácter temporal ou definitivo.
- b) Permiso de circulación do vehículo a nome do discapacitado.
- c) Póliza do seguro do vehículo en vigor. Pódese comprobar aportando o último recibo pagado.
- d) Documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante (DNI, Nif, NIE).
- e) Declaración xurada ou responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o transporte de persoa discapacitada.
- f) Declaración xurada, 011 responsable de que non é beneficiario doutra exención das mesmas características por outro vehículo.

2. Publicar a adopción provisional do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación na provincia, a efectos de sometemento a información pública o expediente por un prazo de 30 días. En caso de non formularse alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.”

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.”

Cangas, a 5 de xuño de 2016.—O Alcalde-Presidente, Xosé Manuel Pazos Varela.

